



MEIRO, A ALDEA REPUBLICANA. A CULTURA COMO PECADO CAPITAL

Gonzalo Martínez

Coa humilde escusa do gran de millo corvo, os veciños e veciñas do colectivo de Meiro recuperaron e asentaron nos últimos anos unha fórmula para a convivencia. Convertéronse en artífices non só dunha organización para a simple adquisición de saberes, senón, como reivindicaron os clásicos, "dunha vía aberta do pobo para a vida superior do espírito", estreitando lazos a través do traballo e o froito da terra: Compañeiros, com-pan-ñeiros: Os que com- parten o pan.

Ó tempo, converteron esa tarefa cotiá en escola para a vida. Lonxe de trasnoitados catecismos, silabarios e forzadas rimas consonantes que tanto alonxaron ós pobos do saber e mesmo se tornaron en antítese do coñecemento, en Meiro reconverteuse a escola en amigo natural. Organizáronse talleres artesanís; convidáronse cesteiros, labradores, carreiros, que transmiten o saber de tradición oral ó pobo enteiro: homes e mulleres, mozos e vellos; recuperáronse espacios, trebellos e refráns. O forno de pedra, a cociña de lareira, a Cabano e a Jallardo para que abran os sucos onde abrollara a memoria. Viñeron nenos e nenas para garantir unha sementeira cargada de futuro.

O saber fíxose festa. A botánica saíu dos libros para estudiarse no bosque, a agricultura na labranza, a linguaxe na conversa. Mesmo aquel refrán de "corre como neno que sae da escola" trocouse do revés cando se soubo que a escola se converteu en esfollada, debullada ou muiñada na aldea.

Semella un proceso natural, que sempre estivo aí, pero Meiro está a saldar, en só un lustro, un atraso secular. Para non alonxarse tan atrás no tempo, diríase que, cando menos, desde a periferia a aldea reivindícase como bastión republicano: mobilización civil, casa da cultura repleta de tea-

tros e artes varias. A escola na rúa, onde se com- parten traballos con sacrificio e constancia, a ágora como espacio de debate e tamén experiencias, xogos, cancións.... O pobo, autoproclamado protagonista activo da súa propia educación, constructor directo do seu futuro.

En Meiro, o millo é o símbolo da unión e a participación na aldea, como o era nas terras aztecas de América que principiaron o seu cultivo, do que non se libraba nin o rei. Tamén é símbolo do amor: Facendo labirintos entre os pendóns, baixo os palleiros onde se disputaron transcendentais batallas do corazón. Entre as lérias das esfolladas, onde o achado da espiga raíña argumenta outros romances. A carón de ríos campesiños, humildes, que rexeitan a vaidade de aparecer nos mapas. En muíños que garanten o pan dos pobres e gardan en silencio os segredos dos bicos dos amantes.



O pan, os seus camiños, segue a ser o eixo que esqui- va as ameazas dunha industrialización que chega a fracturar os vínculos das persoas coa natureza, da que xorden tódolos froitos. Para que abrolle, os ciclos deben ser lentos, poéticos, como o paso dos bois sobre os terróns, a caída do gran escuro sobre o suco, a caricia do sacho, a mirada dos labradores na merenda, o decorrer dos días ata que "por san Cristovo, o millo lle tape as ás ó corvo. Porque, como lembraba un tal Cunqueiro, o pan faino, tanto ou máis que o millo ou a terra en que se asenta, o ceo e a luz, as nubes que pasan, as pegadas dos homes, os corvos que peteiran as espigas nas vésperas da colleita. E as cancións dos recolectores, o abrazo da pedra que prologa a fartura e as mans que amasan a fariña a ritmo de conversa. E que logo reparten, cada inverno en Meiro, o froito que nos une na festa que o celebra.